

9. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia de valores éticos.

Solicitarase diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas. Como mínimo debe coñecerse a información relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

10. Procedemento de avaliación continua e final.

INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos:

1. **Observación e análise de tarefas:**

✓ **Asistencia puntual a clase.**

Participación nas actividades da aula, como debates, postas en común, traballos de grupo (momento privilexiado para a avaliación de actitudes). É requisito indispensable dispor do caderno e dos materiais de texto facilitados pola profesora. Valorarase a

atención prestada na clase, o esforzo por responder as preguntas formuladas, a colaboración no traballo de aula (intervencións e preguntas pertinentes, orden nas roldas de intervención), a cooperación cos compañeiros e o respecto polos mesmos.

- ✓ **Caderno de clase** no que o alumno/a anotará os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos tamén rexistrará todo o que aconteza na aula: postas en común, conclusión dos debates, vocabulario, análise de artigos, etc. A súa actualización e corrección formal permitirá avaliar o traballo, interese e grao de seguimento de tarefas do curso. O seguimento do caderno polo profesorado poderá realizarse durante as clases mediante unha observación rutinaria.

2. *Probas escritas que poden ser:*

- ✓ **Probas de elaboración** nas que os alumnos deberán mostrar o grao de asimilación dos contidos propostos na programación. Poñerán de manifesto a capacidade do alumnado para estruturar con coherencia a información, establecer interrelacións entre factores diversos, argumentar lxicamente (probas de resposta larga, comentarios de texto, resolucións de dilemas morais, formulación e resolución de problemas morais de actualidade e aprendizaxe de conceptos e exposicións)
- ✓ **Probas obxectivas** (de resposta múltiple, de verdadeiro-falso, de resposta corta, definicións...) Con elas se medirá a adquisición de conceptos.

3. **Traballos de investigación.**

Disertacións, comentarios de texto e de artigos de prensa. Traballos en grupo. Serán entregados no prazo acordado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A **nota final de cada avaliación** será o resultado da **valoración** dos tres apartados anteriores atendendo aos seguintes

percentaxes:

- Probas escritas: 80% da nota
- Actitude en clase: 10% da nota.
- Traballo diario na aula rexistrado no caderno de clase: 10% da nota.

Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

RECUPERACIÓN

O alumno/a que non alcance os obxectivos propostos:

- a. Rectificará a súa actitude si esa é a dificultade.
- b. En caso de que o profesorado o estime oportuno fará aqueles traballos que non fixo ou que fixo mal e corraxirá o caderno.
- c. Deberá volver a traballar os contidos conceptuais ou mellorar os procedimentais si esa é a súa insuficiencia.
- d. Na proba escrita de cada avaliación incluíranse preguntas correspondentes á avaliación anterior, de xeito que os alumnos/as poidan recuperar este apartado da cualificación global. Tamén se valorará o cambio de actitude e o traballo desenvolvido para recuperar cada avaliación durante o trimestre seguinte.

O alumnado que non obteña nas avaliacións e recuperacións a cualificación de 5 realizará un exame final da materia sobre os mínimos esixibles (grao mínimo de consecución dos estándares) da programación. Quedará exento da realización de dita proba o alumnado que aprobe a materia por avaliacións. Na proba final deberá obter un mínimo de 5.

11. Procedemento de avaliación extraordinaria na BACHARELATO

No caso da convocatoria extraordinaria de setembro, a nota será a que o alumnado obteña nunha única proba escrita que versará sobre os mínimos de toda a materia (grao mínimo de consecución dos estándares). Para aprobar a materia deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.